

Programación ESO e Bacharelato RELIXIÓN EVANXÉLICA

IES Illa Chan Do Monte

Curso: 2021-2022



Profesora

M^a José Cabaleiro Carracelas

Índice

Índice.....	2
1. Introducción e contextualización.....	3
1.1. Marco Lexislativo.....	3
1.2. Marco teórico.....	4
2. Contribución da materia ó logro das competencias clave.....	5
3. Obxectivos.....	8
3.1.Obxectivos xerais.....	8
3.2. Obxectivos establecidos por cada curso.....	9
3.2.1. Primeiro curso.....	9
3.2.2. Segundo curso.....	10
3.2.3. Terceiro curso.....	10
3.2.4. Cuarto curso.....	11
4. Contidos e temporalización.....	11
5. Actividades.....	29
6. Criterios de avaliación.....	30
7. Metodoloxía.....	31
8. Materiais e recursos didácticos	32
9. Procedementos para realización da Avaliación Inicial.....	33
10. Procedementos de avaliación.....	33
11. Instrumentos de avaliación.....	34
12. Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.....	35
13. Criterios de cualificación.....	35
14. Plan de traballo para a superación de materias pendentes.....	36
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	37
16. Tratamento do fomento da lectura.....	37
17. Tratamento do fomento das TIC.....	38
18. Accións de contribución o Plan de Convivencia.....	38
19. Accións de contribución ao proxecto lingüístico.....	38
20. Programación de educación en valores.....	39
21. Programación dos temas transversais.....	39
22. Medidas de Atención á Diversidade.....	40
23. Procedementos para avaliar a propia programación.....	40
24. Publicidade.....	41

1. Introducción e contextualización

A Constitución de España como un Estado social e democrático de Dereito, no que queda garantida a liberdade relixiosa e de ensinanza así coma a igualdade de tódolos españois ante a lei, tradúcese no ámbito da educación, no dereito que asiste a cada pai de elixir para os seus fillos a formación relixiosa e moral que esté dacordo coas súas propias conviccións (Art. 27.3 da Constitución).

A formación relixiosa evanxélica pretende contribuír a formación integral do alumno, desenrolando especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e proporcionándolle valores, que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non existe unha formación integral se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente. Polo que o ensino relixioso pretende contribuír á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e co desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo do ensino relixiosa evanxélica.

O ensino relixioso evanxélico pretende achegar ao neno as claves principais da fe cristiá e axudarlle a descubrir esta experiencia no seu medio. A mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento e contribúe ao desenvolvemento de destrezas e habilidades en todo o seu medio.

Sen dúbida, os centros educativos deben ser un reflexo da pluralidade cultural na que se atopan. Este centro da un paso máis cara a interculturalidade, no momento no que non só se recoñecen diferentes culturas, senón que tamén se fomenta a interacción cultural a tódolos niveis.

O entorno no que nos atopamos leva máis dun século convivindo coa confesión evanxélica, polo que queda reflectido no entorno educativo así como nos demais ámbitos da comunidade.

1.1. Marco legislativo.

A xustificación legislativa desta programación didáctica atópase na lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (a partir de agora LOE) e na Ley orgánica de mellora educativa 8/2013 do 9 de decembro (a partir de agora LOMCE). A disposición adicional segunda sobre ensino da relixión, da Lei Orgánica de 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, establece no apartado 2 que o ensino doutras relixións diferentes á católica se axustará ao disposto nos acordos de cooperación celebrados polo estado Español coas respectivas confesións relixiosas. A mesma disposición, no seu apartado 3, expresa que a determinación do currículo e dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que permitan a comprobación do logro dos obxectivos e adquisición das competencias correspondentes á materia Relixión será competencia das respectivas autoridades relixiosas. Por outra parte, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia na súa disposición adicional terceira sobre ensinanzas de relixión, establece que as ensinanzas de relixión se incluírán na Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato de acordo co establecido nos artigos 13,14, 30 e 31 do decreto mencionado. Así mesmo esta lexislación remítenos en relación co currículo a dúas disposicións diferentes en vigor este ano lectivo 2015-15. Tendo en conta que este ano escolar esta en vigor a LOMCE, nos axustamos á LOMCE, á Resolución de 23 de xullo de 2015, da dirección xeral de avaliación e cooperación territorial, pola que se publica o currículo da materia de relixión evanxélica en educación secundaria obrigatoria.

1.2. Marco teórico.

Na historia recente do noso país promulgáronse as seguintes leis orgánicas de educación: LODE (1985), LOGSE (1990) LOCE (2002) LOE (2006) e por último a LOMCE (2013) loxicamente co respectivo desenvolvemento normativo de cada unha. Se ben toda lexislación ten un antecedente político dos partidos de goberno que exerceron o poder no noso país. Debemos de ter en conta que na actualidade moita da lexislación nacional no noso país, está ineludiblemente afectada pola lexislación Europea, neste sentido e só por sinalar a disposición máis coñecida encóntrase, a recomendación do parlamento Europeo do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente. Todo iso unido a uns avances tecnolóxicos que supoñen uns retos que nunca na historia significaron tanto para a educación, os docentes encontrámonos ante un verdadeiro reto pedagóxico. Exposto todo o anterior, se ben loxicamente esta programación didáctica foi elaborada tendo en conta o concepto de currículo que se expresa na LOE, que xunto coa LOMCE son as disposicións en vigor, non debemos esquecer que hai principios pedagóxicos e didácticos, que son de aplicación obrigatoria e que transcenden aos tempos e aos que debemos aternos, cando seguimos o proceso ao que denominamos programar estes son:

Xustificación epistemolóxica: Trátase do enfoque que se lle vai dar ao ensino, e ten que ver con cada disciplina e cos avances e os campos emerxentes que esta ten. Débense de formular coñecementos actuais e coherentes coa área de saber que imos programar.

Xustificación psicolóxica: Como sabemos o momento evolutivo dos alumnos non é o mesmo en todas as fases evolutivas, xa que principalmente a súa idade condiciona a súa comprensión e a súa correcta adquisición de coñecementos, de aí que ter en conta este parámetro é de suma importancia na tarefa de programar, xa que principalmente esta ten en conta a forma de concibir a realidade do alumno. Senón se teñen en conta estes parámetros producirase un elemento de desaxuste cognitivo, que provocará entre outras cuestións unha falta de aprendizaxe.

Xustificación pedagóxica: Debemos de incorporar ao noso ensino o que a innovación en educación nos achega, buscando sempre a aprendizaxe significativa. Esta é a parte do deseño da programación que trata con práctica educativa, co feito de que a educación chegue á fin esperado coa programación que estamos a realizar.

Xustificación Sociolóxica: Trátase da área que incide nas connotacións da sociedade á que vai dirixida a programación, quere comprender que tipo de inquietudes sociais ten o ámbito social, na que se confecciona a programación que se quere poñer en práctica e á que se dirixe. (Universidade Isabel 1ª).

Se ben a principal función da programación é a planificación, que achega anticipación e evita a improvisación, á vez que se planifica e anticipa débese de engadir un compoñente: a flexibilidade. Este principio de flexibilidade ten en conta o contexto, xa que non podemos confundir planificación con rixidez. A flexibilidade é a que provoca que tendo o noso horizonte didáctico claro e mentres poñemos en práctica a nosa programación, dentro dese mesmo proceso, poidámonos adaptar ás posibles modificacións que as circunstancias ou o contexto nos esixan. Como podemos comprobar a programación será a ferramenta que nos axude a regular e crear as condicións, para que os nosos alumnos xeren novas estruturas cognitivas; dito isto a programación non é só organizar uns contidos e actividades a realizar, senón que é un proceso en cambio dentro do período lectivo e de toda a ensino-aprendizaxe que se converte nun itinerario, de porqué imos cara a un lugar pedagóxico concreto, como o facemos e porqué o facemos, o que nos obriga a elixir os medios e recursos máis axeitados para iso.

2. Contribución da materia ó logro das competencias clave.

A principal finalidade da relixión evanxélica é a formación plena do alumno mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo. Contribúe á calidade da educación dende a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu currículo.

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).

O ensino relixioso evanxélico achega elementos básicos en canto ao logro de competencias lingüísticas, pois se serve da linguaxe académica, da lingua que conforma a cultura que se transmite na área relixiosa, así como as linguaxes propias da propia relixión.

É propio do ensino relixioso a utilización de diversos modos de comunicación que Deus utilizou cos homes, utilizando varios tipos de linguaxe: simbólico, doutrinal, litúrxico, metafórico...A propia “relixión” non existe sen comunicación, é relación con Deus. Sendo a base doutrinal do ensino evanxélico que Deus se revela ao ser humano a través, fundamentalmente, da palabra escrita (a Biblia), polo que se lle dá unha especial importancia ás capacidades de leito-escritura. Realízase a través de: comprensión de textos lidos e de carácter narrativo; busca de ideas básicas dun tema organizando e interpretando a información; traballo de vocabulario en conceptos relacionados coa xeografía bíblica; exercicios de interpretación e organización da información; elaboración de respostas escritas. uso de vocabulario específico sobre as temáticas bíblicas en estudo: veracidade da biblia, fiabilidade, coherencia; elaboración de respostas escritas e orais; poñer exemplos reais de ideas e conceptos tratados no curso; poñer exemplos reais que corroboren unha información tratada nun tema.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Realízase a través de: calculo de escalas, proporcións, porcentaxes e elaboración de gráficos estatísticos en relación co pobo de Israel; traballo con datas, eventos históricos e demais en relación coa época das persecucións bíblicas da igrexa primitiva. confección e interpretación de períodos bíblicos (período dos xuíces); o censo de Israel; interpretación de gráficos compostos a división do Reino de Israel, o mensaxe dos profetas e a catividade.

3. Competencia dixital (CD)

Realízase a través de: uso da linguaxe cartográfica na época do antigo testamento, fotografías de satélites e esquemas das antigas terras bíblicas, manexo da cartografía como fonte de información do antigo e novo testamento; busca de información fose o libro de texto, atlas bíblico ou enciclopedia bíblica; busca en Internet de fontes primarias e secundarias usando estas, para obter e tratar a información. uso de mapas, gráficos e imaxes como fonte de información; ler noticias de prensa, busca, obtención de información na web e confección dun informe sobre as comunidades protestantes na Comunidade Autónoma de Galicia; realizar unha enquisa sobre o impacto da figura historia de Lutero na nosa sociedade; traballos relacionados cos contidos do curso utilizando procesadores de texto, follas de calculo e similares.

4. Aprender a aprender (CAA)

O Ensino Relixiosa Evanxélica contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando capacidades como o estudo bíblico autónomo, a investigación, o traballo en equipo, a síntese e a opinión.

Un dos piares da doutrina evanxélica é o libre exame das Escrituras e unha persoal valoración, polo que en todo momento se formará os alumnos para que toda a información a verifiquen por se mesmos, o que contribúe a unha formación baseada na propia investigación e a formación dun gran sentido crítico de toda información que chegue ás súas mans. Deste xeito non só estaráselles a formar, senón que se lles formará para aprender a aprender.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

O ensino relixioso evanxélico educa na iniciativa persoal e autónoma dos alumnos para mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Xesucristo.

O alumno necesita, xa nestas idades, motivación para amar, para construír a súa personalidade, para ilusionarse en proxectos fundamentados en valores básicos para a súa dignidade como ser humano e como fillo de Deus.

Dende a nosa área pretendemos propoñer un estilo de vida no que o alumnado poida ter una óptima competencia social e cívica. Concretaremos esta competencia, especialmente nas dúas últimas unidades didácticas da terceira avaliación.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Un dos obxectivos prioritarios da nosa formación evanxélica é formar a persoa, destacando a súa dignidade e o sentido da súa vida. Para iso cremos e ensinamos que Deus é o creador, e as persoas creadas á súa imaxe e semellanza, o cal implica que somos creadores e co-creadores con Deus. Cando foi creado o home, Deus deulle a responsabilidade de ensinar e subxugar a terra. Significa que é dado ao home a facultade de gobernar, de tomar iniciativa, de crear, de inventar.... Transmitir que é o que espera Deus de nós, potenciará a competencia de autonomía e iniciativa persoal no neno para o seu desenvolvemento en harmonía coa vontade de Deus.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A realidade é que a i das manifestación culturais e artísticas (especialmente a dunha determinada etapa histórica de occidente) parten do cristianismo. O coñecemento deste é fundamental para entender e interactuar competentemente no presente.

Realízase a través de: coñecemento da arte, a súa análise e as súas relacións entre arte e cristianismo; estudo e análise de obras de arte; identificación de diferentes edificios, esculturas e cerámicas e a súa relación coa reforma protestante. polos contidos teóricos deste curso, esta competencia trabállase dunha forma máis xeral, pero contribúese a ela cunha mellor comprensión da nosa riqueza e cultura histórico-artística en Galicia analizando os primeiros asentamentos protestantes . Esta competencia achegará o interese pola conservación do patrimonio cultural da reforma que posuímos especialmente en Galicia.

3. Obxectivos

3.1. Obxectivos xerais

1. Descubrir as principais ensinanzas bíblicas, aplicando métodos de estudo, có obxecto da elaboración persoal verbo da veracidade e relevancia de ditas.
2. Valorar e respectar a Biblia como fonte pola cal Deus se revela e fala ó ser humano, utilizándoa como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.
3. Coñecer os principios feitos na historia do pobo de Israel e as súas implicacións no plan salvífico de Deus.
4. Identificala persoa de Xesús como a máxima expresión da acción salvífica de Deus que demanda una resposta a cada ser humano.
5. Coñecer as ensinanzas e feitos de Xesús de Nazaret, valorando a importancia que tiveron nas persoas que se relacionaron con El.
6. Recoñecer e identificar os principais datos, feitos históricos e as súas consecuencias no devir do pobo Cristián dende os seus orixes ata a Reforma relixiosa do século XVI.
7. Descubrir e valorar en certos personaxes do Novo Testamento, as vidas transformadas e a nova relación con Deus que experimentan, para entender qué significa ser Cristián.
8. Apreciar á familia como parte importante do plan de Deus para o desenvolvemento integral de cada ser humano.
9. Desenvolver un espírito sensible, solidario e comprometido coa sociedade na que vivimos.
10. Apreciar a creatividade artística do ser humano como manifestación da súa semellanza coa capacidade creadora de Deus.
11. Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de tolerancia respecto por outras culturas, sen renunciar a un xuízo crítico das mesmas dende una perspectiva Cristián.
12. Afirmarse nos valores éticos cristiáns logo dun contraste serio e detallados cós valores que se amosan na sociedade actual, sobor de todo nos aspectos de consumismo, tolerancia, solidariedade e pacifismo.

3.2. Obxectivos establecidos para cada curso

3.2.1. Primeiro curso

- Descubrir as principais ensinanzas bíblicas aplicando diversos métodos de estudio.
- Valorar e respectar a Biblia como medio de revelación de Deus a humanidade.
- Identificar a persoa de Xesús como o medio de salvación.
- Coñecer as ensinanzas básicas de Xesús.
- Recoñecer os principais datos da historia da Reforma.

3.2.2. Segundo curso

- Descubrir as principais ensinanzas bíblicas aplicando diversos métodos de estudio facendo conclusións personáis sobre a veracidade de ditas ensinanzas.
- Respectar a Biblia e descubrila como fonte de revelación e fala o ser humanos.
- Coñecer os feitos importantes da historia do pobo de Israel.
- Identificar a Xesucristo como o único intercesor dado por Deus aos homes.
- Estudar as principais etapas do cristianismo.
- Apreciar a familia como parte importante do plan de Deus para o desenrolo integral do ser humano.

3.2.3. Terceiro curso

- Coñecer a Biblia coa súa clasificación e autores e descubrir a súa transmisión hasta os nosos días.
- Saber as etapas pasadas polo pobo de Israel dende a creación o chamamento de Abraám ata Xesucristo.
- Valorar e descubrir a vida de certas personaxes do Novo Testamento y na nova relación persoal que experimentaron con Deus.
- Desenrolar un espírito sensible, solidario e comprometido ante o humano.
- Apreciar a creatividade artística do ser humano como manifestación da semellanza de Deus, resaltando a o valor de cada individuo.
- Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas.

3.2.3. Cuarto curso

- Coñecer a Biblia e a súa fiabilidade cos diferentes métodos científicos e arqueolóxicos actuais.
- Valorar a Biblia como medio de coñecemento e revelación de Deus e fonte de comunicación persoal con él.
- Identificar a Xesús como único salvador prometido dende a caída de Adán e Eva e a longo do Antigo Testamento.
- Coñecer as ensinanzas de Xesús e a súa vixencia para os nosos días.
- Recoñecer e identificar os principais feitos históricos e as súas consecuencias no devir do pobo cristián dende a súa orixe hasta a Reforma relixiosa do século XVI.
- Contrastar os valores éticos cristiáns cos valores predominantes na sociedade actual.

4. Contidos e Temporalización

1º ESO

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	C. CLAVE	ACTIVIDADES TIPO	TEMPO REALIZACIÓN
<p>BLOQUE 1: A Biblia e o seu estudio</p> <p>A composición do Antigo Testamento. Resumen esquemático e canon.</p> <p>El concepto de revelación y de inspiración y propósito d</p>	<p>1. Coñecer a estrutura do Antigo e Novo Testamento e identificar os autores por libro e ser capaz de resumir brevemente aa historia bíblica.</p> <p>2. Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, revelación, canon e propósito da Palabra de Deus.</p> <p>3. Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como medio por o cal Deus se revela e fala ser humano</p>	<p>1.1. Identifica a estrutura e composición do Antigo e Novo Testamento relacionando os libros da Biblia cos distintos escritores situándoos na linda do tempo.</p> <p>1.2. Localiza os libros da Biblia con axilidade e manexa a Biblia con autonomía.</p> <p>2.1. Busca, selecciona e interpreta información sobre a inspiración, revelación e canon da Biblia, a partir de la utilización de diversas fontes.</p> <p>2.2. Reflexiona sobre as razóns por as cales Deus decide revelarse o ser humano.</p> <p>3.1. Extrae ensinanzas dun texto bíblico e aplícaas a vida diaria.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>-Fichas para recoñecer os libros da Biblia e a súa clasificación.</p> <p>-Reencher cadros para identificar versículos bíblicos en libro, testamento e clasificación.</p> <p>-Estudo sobre concepto e diferencias dos termos revelación e inspiración.</p> <p>-Examinar un texto e aplicalo</p>	<p>1º trimestre 7 sesións</p>

<p>Bloque 2. La historia de la salvación: de Adán a Xesucristo</p> <p>Adán e Eva: desobediencia y separación de Deus.</p> <p>A promesa dun Salvador.</p> <p>Noé e o Diluvio: La obediencia dun home.</p> <p>A Torre de Babel: un camiño equivocado.</p> <p>Abraham: O pacto con Deus e confirmación da promesa dun Salvador.</p> <p>Isaac, Xacob, Xosé.</p>	<p>1. Investigar los principais sucesos na historia bíblica desde Adán hasta Xosé elaborando a información recollida.</p> <p>2. Analizar las implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel e no plan de Deus para a salvación da humanidade.</p>	<p>1.1. Estuda o relato da creación e a desobediencia do ser humano relacionándoo coa súa importancia para a humanidade.</p> <p>1.2. Discrimina no Xénesis a promesa dun Salvador explicando o sentido do texto con as súas palabras.</p> <p>1.3. Identifica as personaxes bíblicas claves nesta etapa ordenándoas cronoloxicamente entendendo a importancia da súa contribución a historia da salvación.</p> <p>2.1. Identifica a promesa de Deus de bendicir a todas as nacións a través da descendencia de Abraham lendo e analizando os textos bíblicos que fan referencia a elo.</p> <p>2.2. Analiza las implicacións que teñen os feitos principais do inicio da historia do pobo de Israel no plan de salvación de Deus asociándoos coas súas causas.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>-Ficha-estudio de enrellar e cubrir con versículos sobre a caída do home.</p> <p>-Estudio explicativo sobre o versículo "Xénesis 3.15"</p> <p>-Pasatempos con preguntas y búsqueda en sopa de letras sobre a historia do pobo de Israel.</p> <p>-Actividade de localizar personaxes clave na promesa dun salvador</p>	<p>1º trimestre</p> <p>7 sesións</p>
<p>Bloque 3. Vida e ministerio de Xesús</p> <p>Vida de Xesús: Nacemento e infancia de Xesús.</p> <p>Desenvolvemento da súa labor ministerial.</p> <p>La figura de Xesús: Xesús: Deus e home.</p> <p>Xesús: exemplo de vida.</p> <p>Xesús: boas novas de salvación.</p>	<p>1. Identificar e ordenar cronoloxicamente as etapas do nacemento, crecemento y primeiros anos do ministerio de Xesús, que relatan os evanxeos.</p> <p>2. Obter e analizar información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, utilizando a Biblia como fonte.</p> <p>3. Explicar la figura de Xesús, analizando a súa divindade e humanidade, así como o seu exemplo de vida.</p> <p>4. Valorar as boas novas de salvación analizando textos bíblicos.</p>	<p>1.1. Identifica y ordena cronoloxicamente as etapas da vida de Xesús abicándoas nunha línea do tempo, táboa ou gráfico entendendo a importancia e valor de cada una delas.</p> <p>2.1. Busca, selecciona y organiza información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, analiza, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícao oralmente ou por escrito.</p> <p>2.2. Analiza informacións relacionadas coa la vida de Xesús manexando mapas, resumes e as tecnoloxías da información e a comunicación.</p> <p>3.1. Relaciona y distingue a divindade e humanidade de Xesús analizando diversos textos bíblicos.</p> <p>4.1. Valora, partindo da análise de diversos textos bíblicos, as boas novas da salvación encarnadas en Xesús, resumindo as súas conclusións</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>-Elaboración de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</p> <p>- Cubrir mapas cos acontecementos importantes da vida ministerial de Xesús.</p> <p>-Visión de películas sobre relatos de Xesús.</p> <p>-Coloquio sobre a dificultade de entender a humanidade e a deidade de Xesús.</p> <p>- Estudios sistemáticos sobre</p>	<p>2º trimestre</p> <p>6 sesións</p>

		persoais.		deidade e humanidade de Xesús.	
<p>Bloque 4.</p> <p>Historia del cristianismo: desde os seus orixes hasta a Reforma do século XVI</p> <p>Orixes da Igrexa.</p> <p>A obra misioneira de Pablo.</p> <p>A extensión da igrexa e as epístolas de Pablo.</p>	<p>1. Obter información concreta e relevante sobre os orixes da Igrexa, utilizando diferentes fontes.</p> <p>2. Identificar e situar cronolóxicamente e xeográficamente os principais feitos históricos no devir do pobo cristián no período neotestamentario, analizando as consecuencias sociais e históricas dos mesmos.</p> <p>3. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e aprender a expresar contidos sobre a historia do cristianismo primitivo.</p> <p>4. Participar en diálogos e debates sobre os cambios producidos por o cristianismo nos distintos ámbitos da sociedade antiga e actual.</p>	<p>1.1. Realiza traballos individuais e en grupos de investigación sobre a orixe e extensión da Igrexa no libro dos Feitos dos Apóstolos.</p> <p>2.1. Identifica e analiza o proceso de cambio que se opera nos discípulos de Xesús por la acción do Espírito Santo no libro de Feitos dos Apóstolos, explicándoo.</p> <p>2.2. Lee o libro dos Feitos dos Apóstolos, e identifica e explica os pasos iniciais na extensión do evanxeo as nacións.</p> <p>3.2. Identifica y explica aspectos relacionados con la forma de vida, expansión e influencia de la Igrexa na etapa estudada.</p> <p>4.1. Analiza y explica, a luz do Novo Testamento, a responsabilidade colectiva dos cristiáns na transmisión del Evanxeo de Xesús.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>	<p>- Representación en mapas as viaxes misioneras de Pablo.</p> <p>- Buscar e identificar cambios concretos nos discípulos antes e despois de recibir o Espírito santo.</p> <p>- Vídeo resumen da expansión do cristianismo no mundo.</p> <p>- Debate sobre a gran comisión.</p> <p>- Reflexión sobre o cristianismo hasta o século XVI reflecto na arte en igrexas e mosteiros visitados en excursións.</p>	<p>2º trimestre</p> <p>6 sesións</p>
<p>Bloque 5.</p> <p>Ser cristián: unha forma de vida</p> <p>O ser humano como creación de Deus.</p> <p>A imaxe de Deus no ser humano.</p> <p>A dignidade de todas as persoas.</p> <p>O valor da vida e o amor de Deus por toda a humanidade</p>	<p>1. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que mostran que o ser humano foi creado á imaxe de Deus.</p> <p>2. Identificar e localizar en pasaxes bíblicas, exemplos de condutas, actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus.</p> <p>3. Explicar o amor de Deus por a humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións.</p>	<p>1.1 Explica segan a Biblia la natureza do ser humano: corpo, alma y espírito.</p> <p>1.2. Reflexiona, argumenta e dialoga sobre a relación que hai entre a capacidade creadora de Deus e a capacidade creadora do ser humano. .</p> <p>2.1. Medita explica la responsabilidade persoal e consecuencias das decisións e condutas que adopta na vida.</p> <p>2.2. Resume e explica, de modo oral ou por escrito, relatos do evanxeo que manifestan a dignidade de toda persoa según as palabras e feitos de Xesús</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>-Visión do ser humano como creación de Deus no sexto día da creación fronte a teoría da evolución</p> <p>-Relacionar nunha ficha os atributos de Deus con cualidades do ser humano</p> <p>- Visión de vídeo sobre diferentes culturas</p> <p>- Ficha: ¿canto</p>	<p>3º trimestre</p> <p>6 sesións</p>

				vales? -Ficha: Tempo devocionario	
<p>Bloque 6.</p> <p>Ética cristián</p> <p>A liberdade de conciencia e a responsabilidade persoal.</p> <p>O matrimonio e a familia cristián.</p>	<p>1. Analizar a importancia da liberdade de conciencia e a responsabilidade no marco bíblico e no contexto social.</p> <p>2. Entender a base bíblica da familia cristián.</p>	<p>1.1. Define a liberdade de conciencia, analizando a súa importancia persoal e social e a responsabilidade que temos asociada a liberdade.</p> <p>1.2. Dialoga, analiza e debate na clase sobre a idea de que Deus nos acepta e nos ama tal e como somos, en comparación coas ideas e tendencias da nosa sociedade</p> <p>2.1. Distingue e sinala textos bíblicos que ensinan sobre a sexualidade e o matrimonio.</p> <p>2.2. Busca información, compara e analiza algunhas familias da Biblia e extrae conclusións para a súa propia vida. .</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>- Reflexión sobre conceptos clave: liberdade, libertinaxe, etc.</p> <p>- Visión de corto e posterior debate.</p> <p>- Traballo cooperativo: As familias da Biblia.</p> <p>- Análise da primeira familia: Adán e Eva.</p>	<p>3º trimestre</p> <p>6 sesións</p>

2º ESO

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	C. CLAVE	ACTIVIDADES TIPO	TEMPO REALIZACIÓN
<p>Bloque 1. A Biblia e o seu estudio</p> <p>Líneas directrices da mensaxe bíblica.</p> <p>A relación de Deus co ser humano.</p> <p>A desobediencia do home e o plan de</p>	<p>1. Identificar as principais ensinanzas da Biblia sobre Deus e a súa relación co ser humano.</p> <p>2. Explicar plan de salvación e a obra de Cristo comprendendo a importancia da resurrección.</p> <p>3. Identificar e estudar textos bíblicos la ascensión de Cristo, y la</p>	<p>1.1. Recoñece e memoriza textos bíblicos identificando as ensinanzas sobre o amor de Deus o home.</p> <p>2.1. Realiza una investigación bíblica sobre el plan de salvación y la obra de Cristo revelada a través de pasaxes específicos de la Biblia.</p> <p>2.2. Extrae ensinanzas e conclusións relacionadas coa resurrección e</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>- Elaboración de esquema sobre momentos clave da salvación.</p> <p>- Ficha relacionando a desobediencia de Adán e Eva coa nosa condición</p>	<p>1º trimestre</p> <p>7 sesións</p>

<p>salvación.</p> <p>A obra redentora de Cristo.</p> <p>A presenza e a obra do Espírito Santo no cristián.</p> <p>A xustificación pola fe. O reino de Deus e a Igrexa.</p>	<p>obra do Espírito Santo.</p> <p>4. Analizar a base bíblica da xustificación por fe, o reino de Deus e la Igrexa.</p>	<p>ascensión de Cristo e as relaciona coa ensinanza do apóstolo Pablo sobre este tema.</p> <p>3.1. Identifica y lee pasaxes bíblicos que indican a obra do Espírito Santo (Paracleto) e o seu froito na vida do cristián.</p> <p>4.1. Analiza y memoriza pasaxes claves das cartas de Pablo que resumen a xustificación por gracia a través da fe.</p> <p>4.3. Examina no Novo Testamento o concepto do Reino de Deus, a orixe da igrexa e a súa misión no mundo hoxe, resumindo as súas conclusións</p>	<p>actual.</p> <p>- O Espírito Santo: dende Xéneses a Apocalipse (Ficha).</p> <p>- Reflexión sobre Feitos dos Apóstolos 2.</p> <p>- Traballo cooperativo sobre a igrexa: orixe e realidade actual.</p> <p>- Ficha : Luz e sal.</p>	
<p>Bloque 2. La historia de la salvación: de Adán a Xesucristo.</p> <p>O pobo de Israel en Exipto.</p> <p>O significado da Pascua. Éxodo do pobo de Israel e os anos no deserto.</p> <p>Moisés e o pacto de Deus con seu pobo.</p> <p>A lei: Normas éticas, civís, cerimoniais.</p> <p>A lei e o evanxeo</p>	<p>1. Obter información sobre os principais feitos acaecidos ao pobo de Israel dende o período dos Patriarcas hasta a chegada á Terra Prometida, elaborando a información recollida (táboas, gráficos, resúmenes).</p> <p>2. Sacar conclusións acerca das implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga e tipos de leis do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade, a luz de textos do Antigo e Novo Testamento.</p>	<p>1.1. Identifica as personaxes clave na historia do pobo de Israel nesta etapa da súa historia sitúaos no tempo.</p> <p>1.2. Explica adecuadamente o significado da Pascua identificando o seu simbolismo e establecendo relacións coa obra de Cristo.</p> <p>1.3. Explica e enumera los Dez mandamentos e a importancia do día de repouso na vida do cristián.</p> <p>2.1. Comprende o principio da tipoloxía bíblica identificando diferentes exemplos relacionados co tema da salvación.</p> <p>2.2. Analiza y reflexiona debatendo en clase o propósito e funcións da lei.</p> <p>2.3. Aprecia no libro de Hebreos a relación entre a lei e a obra superior de Xesús.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>- Mapa conceptual simbólico dende Abrahám a Moisés.</p> <p>-Buscar respostas en sopa de letras sobre a historia do pobo de Israel.</p> <p>-Relacionar conceptos: pascua, éxodo, Moisés, ley, mar Rojo...</p> <p>-Traballo cooperativo sobre os símbolos no Antigo Testamento sobre a Salvación.</p> <p>- Análise de cada mandamento identificando situación e feitos actuais de cada un.</p>	<p>1º trimestre</p> <p>7 sesións</p>
<p>Bloque 3. Vida y ministerio de Xesús</p> <p>As relacións de Xesús:</p> <p>Con el pobo: relixiosos, necesitados e autoridades.</p>	<p>1. Analizar en textos do evanxeo as relacións de Xesús co Pai, os discípulos, diversas persoas do pobo e con nos, e comunicando os seus descubrimentos o resto da clase.</p> <p>2. Sacar conclusións acerca de que significa e que implicacións persoais ten ser discípulo de Xesucristo,</p>	<p>1.1. Lee textos bíblicos onde Xesús fala co Pai, ensina sobre a súa relación con Él, analizando as ensinanzas máis importantes que identifica.</p> <p>1.2. Contrasta os diversos textos nos que Xesús encontrase con diferentes persoas resumindo as actitudes que</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>- Analizar. Xesús ora.</p> <p>- Fragmentos da película Xesús. Análise posterior.</p> <p>- Traballo cooperativo sobre como se relaciona</p>	<p>2º trimestre</p> <p>6 sesións</p>

<p>Con o Pai. Cos discípulos. Con nos.</p>	<p>mediante o estudo, individual e grupal, de diversos textos dos Evanxeos que relatán encontros de Xesús con diferentes persoas.</p>	<p>Xesús demostrou a eles.</p> <p>2.1. Analiza as características que identifican a un discípulo de Xesús e debate as implicacións persoais que ten ser discípulo de Xesús na actualidade.</p> <p>2.3. Entenda importancia de que cada persoa cultive a súa relación persoal con Deus, analizando a relación de Xesús con Deus Pai.</p> <p>2.4. Distingue e sinala en textos bíblicos a importancia da lectura da Biblia e a oración como os medios que Deus ha dou para ter unha relación con él, xustificando no grupo a selección dos textos.</p>	<p>Xesús cos distintos sectores (pobres, ricos, mulleres...)</p> <p>- Ficha: Tempo devocionario.</p> <p>-Actividade de dar respostas breves a preguntas de como crees que actúa un cristián.</p>	
<p>Bloque 4. Historia do cristianismo: desde seus orixes hasta a Reforma del século XVI</p> <p>A época das persecucións. A Igrexa no Baixo Imperio Romano. Da concesión da liberdade á proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado.</p>	<p>1. Obter información concreta e relevante sobre feitos delimitados, utilizando diferentes fontes.</p> <p>2. Identificar y situar cronolóxicamente e xeográficamente os principais feitos históricos no devir do pobo cristián dende o período neotestamentario hasta o Concilio de Nicea, analizando as consecuencias dos mesmos.</p> <p>3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudio da historia da Igrexa dende a etapa no Baixo Imperio Romano, hasta o inicio da Idade Media.</p> <p>4. Participar en diálogos e debates sobre diversos temas, manifestando actitudes de tolerancia e respecto a outras culturas e formas de pensar, sen renunciar a crítica desde unha perspectiva bíblica</p>	<p>1.1 Explica e describe o desenvolvemento do cristianismo baixo os gobernos de varios emperadores romanos (Nerón, Domiciano, Adriano, Galerio y Diocleciano) consultando diversas fontes.</p> <p>1.2. Sitúa cronoloxicamente os feitos e personaxes máis importantes da idade apostólica da Igrexa.</p> <p>2.1. Analiza la importancia histórica do edicto de Milán situándoo no seu contexto histórico y xeográfico.</p> <p>3.1. Identifica e localiza no tempo e no espazo as primeiras controversias, percibindo as implicacións destes acontecementos.</p> <p>4.1. Analiza y resume as consecuencias sociais e históricas da proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado.</p> <p>4.2. Mostra tolerancia, respecto e valoración crítica de formas de vida, crenzas, sociedades, culturas e etapas históricas distintas á propia, desde unha perspectiva bíblica e histórica.</p>	<p>CCL CD CAA CSC CCEC</p> <p>- Usar medios informáticos buscando en Internet información histórica sobre o cristianismo e diferente emperadores.</p> <p>-Elaboración de mapa conceptual sobre edicto de Milán.</p> <p>- Vídeo sobre a extensión do cristianismo.</p> <p>- Relacionar o feito de oficializar o cristianismo con con erros que perduran hasta hoxe no cristianismo.</p> <p>- Reflexión sobre a historia do cristianismo como a nosa propia historia.</p>	<p>2º trimestre 6 sesións</p>

<p>Bloque 5.</p> <p>Ser cristián: unha forma de vida</p> <p>A separación entre Deus e o home.</p> <p>As consecuencias da caída.</p> <p>A esperanza de restauración</p>	<p>1. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que expresan as consecuencias do pecado na relación con Deus, con nos mesmos y con outras persoas.</p> <p>2. Saber identificar y localizar en pasaxes bíblicos exemplos de condutas, actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus e entender a esperanza de restauración que a Biblia ensina.</p>	<p>1.1. Define el concepto bíblico del pecado e identifica las consecuencias que trouxo para o ser humano, na súa relación con Deus, con outras persoas e coa la natureza.</p> <p>1.2. Sinala e comenta a importancia do relato do libro de Xéneses acerca da creación do home a imaxe de Deus e o seu posterior deterioro.</p> <p>1.3. Debate sobre os efectos da ruptura da comunión con Deus na natureza humana e na imaxe de Deus no home.</p> <p>2.1. Utiliza información bíblica para dar resposta a realidades da persoa tales como a culpa, ansiedade, soidade, e crise de identidade.</p> <p>2.3. Crea e comparte textos, videoclips, cortos, para describir a necesidade espiritual do ser humano de relacionarse con Deus.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>-Traballo escrito sobre unha reflexión de problemas sociais actuais que son consecuencia do pecado.</p> <p>-Estudo sobre as ensinanzas claves do Xéneses.</p> <p>- Traballo sobre as emocións e a liberdade en Cristo.</p> <p>- Cortos de películas sobre temas actuais de moralidade .</p> <p>-Debate sobre temas actuais.</p>	<p>3º trimestre</p> <p>6 sesións</p>
<p>Bloque 6.</p> <p>Ética cristián</p> <p>A educación e amor ao próximo.</p> <p>O cuidado da creación.</p> <p>A responsabilidade social.</p> <p>A importancia do traballo.</p>	<p>1. Comprender a perspectiva bíblica sobre o amor ao próximo, o cuidado da creación, a responsabilidade social e a importancia do traballo.</p> <p>2. Participar activamente en algún proxecto colectivo (na familia, o centro escolar, o barrio, o pobo ou a cidade onde vive) que contribúa a cubrir as necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno cercan, manifestando actitudes de solidaridade e compromiso.</p> <p>3. Utilizando informacións de diversas fontes, identificar os valores predominantes na sociedade actual respecto a diversas situacións, problemas e dilemas éticos contemporáneos, contrastándoos cos valores éticos cristiáns segundo las ensinanzas da Biblia.</p>	<p>1.1. Demuestra mediante exemplos de diversas fontes, o amor ao próximo e o servizo na vida do cristián.</p> <p>1.2. Identifica las necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas no seu entorno cercan e enumera maneiras de alivialas e axudar.</p> <p>2.1. Identifica inxustizas humanas contemporáneas do seu entorno propoñendo alternativas bíblicas de denuncia y/ou solución.</p> <p>3.3. Investiga sobre a base bíblica do valor e a dignidade do traballo, expoñendo as súas conclusións en clase.</p> <p>3.4. Investiga sobre la visión bíblica de los Dereitos Humanos, especialmente nas ensinanzas de Xesús.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>-Traballo artístico libre sobre unha situación de amor o próximo.</p> <p>-Reflexión en grupo sobre necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas no seu entorno cercan e enumera maneiras de alivialas e axudar.</p> <p>-Buscar usando concordancia electrónica ou manual versículos que falen da dignidade do traballo</p>	<p>3º trimestre</p> <p>6 sesións</p>

1º Bacharelato

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	C. CLAVE	ACTIVIDADES TIPO	TEMPO-RALIZACIÓN
<p>Bloque 1.</p> <p>Deus e o ser humano. A obra e plan de Deus</p> <p>Deus: carácter e atributos.</p> <p>A Trindade, Deus en relación.</p> <p>As pasaxes bíblicas da Creación.</p> <p>O amor de Deus e a súa provisión para o ser humano.</p> <p>O home e a muller creados a imaxe de Deus.</p> <p>O propósito para o ser humano.</p> <p>As responsabilidades do ser humano.</p> <p>A relación entre Deus e o home, separación e plan de restauración.</p>	<p>1. Coñecer e entender a doutrina da Trindade, a natureza de Deus e os seus atributos.</p> <p>2. Identificar principios doutrinarios básicos, en especial o plan de salvación de Deus, a reconciliación.</p> <p>3. Analizar a relación entre Deus e o ser humano, o seu propósito e responsabilidade.</p>	<p>1.1. Reflexiona e dialoga sobre os tres primeiros capítulos de Xéneses e a súa importancia teolóxica e na historia da humanidade.</p> <p>1.2 Identifica as características de Deus reveladas en Xéneses, o seu carácter e atributos, resumindo e comunicando as súas conclusións.</p> <p>1.3 Sabe localizar e comprende as pasaxes da Biblia que mencionan a obra da creación e a presenza da Trindade na mesma.</p> <p>2.1. Examina no relato da creación o lugar e papel da familia para o ser humano, e comunica de xeito construtivo as súas conclusións.</p> <p>2.2 Recoñece nos primeiros capítulos de Xéneses a provisión de Deus a través de Xesús, sinalando as pasaxes máis relevantes que o indican.</p> <p>3.1 Busca, obtén e presenta información sobre a natureza do pecado, as súas consecuencias e a separación de Deus a o home.</p> <p>3.2. Organiza una investigación y analiza o comenzo do plan de salvación de Deus e a súa mensaxe de reconciliación.</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC	<p>- Traballo de sobre as verdades fundamentais dos tres primeiros capítulos de Xéneses e a súa importancia teolóxica e na historia da humanidade.</p> <p>-Clasificación e definición dos atributos de Deus.</p> <p>- Elaborar unha selección de versículos onde está presente a Trindade desde Xéneses a Apocalipse.</p> <p>-Describir a familia do Xéneses e identificar as verdades que seguen sendo importantes hoxe en día para a sociedade actual.</p> <p>- Estudio sobre a caída.</p> <p>-Redacción sobre a historia de separación de deus do home e a reconciliación a través de Xesucristo.</p> <p>-Traballo cooperativo facendo unha clasificación das consecuencias pecado no mundo actual.</p> <p>- Facer un traballo creativo de presentación da mensaxe de salvación usando simboloxías e adaptado o mundo contemporáneo.</p>	1º trimestre 7 sesións

<p>Bloque 2. Biblia, cultura e pensamento.</p> <p>La Biblia, mensaxe de Deus ao ser humano</p> <p>A Palavra de Deus como mensaxe ao ser humano de todas as culturas.</p> <p>A inspiración e contexto histórico da Biblia.</p> <p>Diferencias entre o texto orixinal e as copias do mesmo.</p> <p>Establecemento do canon.</p> <p>Diferentes traducións da Biblia nas linguas orixinais.</p> <p>Cuestiones contextuais que requiren máis atención: históricas, culturais, literarias ou teolóxicas.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Analizar a importancia da Biblia como palabra de Deus revelada e inspirada, valorando a súa autoridade como norma de fe e conduta. 2. Comprender a importancia da tradución da Biblia das linguas orixinais ás linguas de todo o mundo. 3. Explicar los procesos por los que la Biblia chegou hasta nos: canon, historia e historicidade da Biblia. 4. Comprender a importancia da exeseses e hermenéutica como as ferramentas fundamentais para o descubrimento da mensaxe do autor e a relevancia do texto bíblico para hoxe. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Utiliza recursos tecnolóxicos e investiga a Biblia como libro histórico e como mensaxe universal de Deus ao ser humano. 1.2. Investiga e analiza os conceptos de revelación e inspiración das Escrituras. 2.2 Identifica as linguas utilizadas nos distintos libros da Biblia, relacionando os textos orixinais en grego, hebreo e arameo cos manuscritos e fragmentos bíblicos máis importantes conservados na actualidade. 3.1 Comprende e explica os acontecementos históricos máis importantes que levaron ao establecemento do actual canon bíblico. 3.2 Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC para ilustrar o proceso de transmisión do texto bíblico. 3.4 Distingue principios de tradución da Biblia comparando distintas versións de un mesmo texto. 4.1 Analiza e explica as cuestións históricas, culturais, literarias ou teolóxicas que poden afectar o noso entendemento acerca da intención comunicativa do autor. 	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA,</p> <p>CSC,</p>	<p>- Tralado sobre o alcance da Biblia e a súa mensaxe universal.</p> <p>- Ficha: revelación, inspiración.</p> <p>-Tralado de investigación cooperativo usando Internet sobre os fragmentos de manuscritos máis importantes conservados na actualidade.</p> <p>-Síntese sobre o establecemento do canon actual , desde a Torá hasta o Novo Testamento.</p> <p>-Utilización diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC para ilustrar o proceso de transmisión do texto bíblico.</p> <p>- Estudiar un texto bíblico usando diferentes versións e sacar conclusión persoais do mesmo.</p> <p>- Directrices para escoller unha boa versión da Biblia.</p> <p>- Normas de interpretación: históricas, culturais, literarias ou teolóxicas.</p> <p>- Aplicar as normas de interpretación nun texto.</p>	<p>1º trimestre</p> <p>7</p> <p>sesións</p>
<p>Bloque 3.</p> <p>Xesucristo, o Espírito Santo e a Igrexa.</p> <p>Xesús, personaxe central da Biblia</p> <p>As profecías sobre Xesucristo no Antigo</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Describir e coñecer a persoa de Xesús no seu desenvolvemento bíblico, teolóxico e histórico. 2. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), extraer información relevante en cuanto á personalidade 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Identifica os textos mesiánicos nos libros proféticos do Antigo Testamento, e examina o cumprimento das profecías na persoa e ministerio de Xesús. 1.2 Explica e contrasta por escrito, as dúas naturezas da persoa de Xesús (Deus e home). 2.1 Distingue o carácter das 	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>- Elaboración dunha selección de textos proféticos do Antigo Testamento, examinando o cumprimento das profecías na persoa e ministerio de Xesús.</p> <p>-Estudio bíblico sobre Xesús totalmente home e totalmente Deus (SEAN)</p> <p>-Tralado sobre as evidencias</p>	<p>2º trimestre</p> <p>6</p> <p>sesións</p>

